

# Celga



# 1

## PROBA B (ORAL)

### Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C1-B-11

**PARTE 1 (Transcripción do audio)**

<b>CONVOCATORIA:</b>	Xuño 2014	<b>NIVEL:</b>	Celga 1	<b>PROBA:</b>	C1-B-11
<b>TÍTULO:</b>	Restaurante A Lareira	<b>TIPO:</b>			
<b>FONTE:</b>	LOCUCIÓN	<b>EMISIÓN:</b>		<b>DURACIÓN:</b>	2:06
<b>LOCUTORES:</b>	Belén Regueira e Ángel Miranda				

A continuación, vai vostede escoitar dúas veces seguidas unha conversa entre dous amigos. Tome as notas que precise.

XIAO	María, e que tal a fin de semana? Fuches a ese restaurante do que che falaran?
MARÍA	Si, e a verdade é que estivo xenial. Está ao pasar Carnota, nun lugar que se chama Caldebarcos.
XIAO	Por aí a paisaxe é impresionante, encántame.
MARÍA	Si, e a comida xa non che digo. É un restaurante cunhas vistas increíbles á ría: chámase A lareira do areal. Para chegar a el hai que facelo a pé, porque non poden pasar os coches. É un lugar moi tranquilo, escóitase o mar... é perfecto. É moi acolledor, pequeniño, de pedra. As diferentes estancias da casa están habilitadas como comedores, todo decorado con moi bo gusto. En fin, un lugar para desconectar.
XIAO	Vaia, iso soa ben. E a comida que tal?
MARÍA	De marabilla, Xiao. Seguro que che ía gustar porque o peixe e o marisco son as súas especialidades. Nós, como eramos seis, probamos varias cousas, e todas riquísimas: croquetas de marisco, mexillóns recheos e polbo con ameixas, iso de primeiro. E despois tomamos peixes á grella, que varían dependendo do que collan os pescadores do lugar cada día. Nós tomamos robaliza e rodaballo. Pedro e Paula, que xa sabes que son máis de carne, pediron unha fabada que seica foi a mellor da súa vida.
XIAO	Ummm, mi madriña, pois si que comestes...
MARÍA	Si, comemos comemos. Estaba todo boísimo, todo moi fresco e moi ben cociñado. Mesmo as sobremesas, ricas ricas, todo caseiro.
XIAO	Pois estanme entrando ganas de visitar A lareira do areal. E... xa hai tempo que non me achego ás nosas rías.
MARÍA	Si, si, seguro que che vai gustar. Amais, os prezos son moi razoables. E, ao rematar de xantar, fixemos unha ruta por uns carreiros ao carón do mar. Pasamos un día estupendo. Temos pensado volver.
XIAO	Pois para a próxima contade comigo.
MARÍA	De acordo. Quedas anotado, eh, Xiao!

**PARTE 2**

<b>1. BENVIDA AO CANDIDATO</b>	<b>1 minuto aprox.</b>
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice. O principal obxectivo é explicarlle ao candidato a estrutura da proba e acomodalo.</p> <p>As primeiras preguntas NON son avaliáveis.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Como está?</li> <li>▪ Como se chama?</li> <li>▪ A que se dedica?</li> </ul>	
<b>2. PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL</b>	<b>3 minutos aprox.</b>
<p>Orientacións para o avaliador: a partir de aquí XA é avaliáble. O obxectivo é verificar o dominio lingüístico do candidato relacionado co ámbito persoal. As preguntas son só suxestións e poderanse facer as que se consideren pertinentes, sempre que se eviten as que poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...</li> <li>▪ Canto tempo leva estudando galego?</li> <li>▪ Por que o estuda?</li> <li>▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten?</li> </ul> <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Que lle gusta máis da cultura galega?</li> <li>▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?</li> </ul>	
<b>3. RESUMO</b>	<b>1-2 minutos aprox.</b>
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do audio. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o diálogo. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p> <p>Faga un resumo do contido do audio.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Que lle conta María a Xiao?</li> <li>▪ Que comeron María e os seus amigos?</li> <li>▪ Como é o restaurante? Onde está situado?</li> </ul>	

**4. INTERACCIÓN**

**4 minutos aprox.**

Orientacións para o avaliador:

A partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa co candidato.

Hai que ter en conta que **NON** se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e **DEBEN ADECUARSE**, na medida do posible, ao discurso do candidato.

**OPCIÓN A**

- Gústalle comer fóra ou prefire facelo na casa? Por que?
- Se ten que elixir, prefire facer fóra a cea ou o xantar? Por que?
- Na súa casa, nas fins de semana, o xantar é diferente ao do resto dos días?
- Na súa familia celébrase algunha festa cunha comida especial? Quen cociña?
- Coñece algún restaurante (no seu lugar de orixe)? Como é? Cal é a súa especialidade?

**OPCIÓN B**

- Que lle gustan máis, os produtos do mar ou os da terra? Cales son as súas sobremesas preferidas?
- E doutros países, ten algunha comida preferida? Se ten que elixir, prefire ir a restaurantes galegos ou de comidas doutros lugares?
- Gústalle cociñar? Que sabe facer? Se ten convidados, con que os pode sorprender?
- Coñece algún restaurante con encanto, acolledor (no seu lugar de orixe)? Onde está? Que se pode comer alí?

**OPCIÓN C**

- Cal é a súa comida favorita? E a que menos lle gusta?
- Cre que é importante a situación dun restaurante ou o que busca é a boa comida?
- Ten algún restaurante favorito? Cal?
- Pensa que para comer ben hai que pagar ben?
- No lugar onde vive, hai algún sitio no que se come ben? Como é? Que podemos pedir?